



CERTIFICACIÓN

D.^a María Cristina Varela García, secretaria do Concello de Vimianzo (A Coruña),

CERTIFICO:

Que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na sesión ordinaria do quince de xaneiro de dous mil dezoito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“6º.- Concesión de subvencións.

6.1. Aprobación das bases dos premios de entroido de Vimianzo 2018.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 12 de xaneiro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Premios do entroido de Vimianzo 2018

Visto o expediente tramitado a proposta da Concellería de Cultura para a aprobación da convocatoria premios do Entroido de Vimianzo 2018.

Visto o informe de intervención de data 12.01.2018.

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito, de data 12.01.2018.

De acordo co artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións e considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Visto canto antecede, esta Alcaldía realiza a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras dos Premios do Entroido de Vimianzo 2018 que se concretan como segue:

“PRIMEIRA:

O concurso de disfraces **Entroido Vimianzo 2018** celebrarase o sábado día 10 de febreiro.

SEGUNDA:

O prazo de inscrición de participantes será desde o momento de publicación no BOP destas bases ata o 7 de febreiro ás 20 horas. A inscrición realizarase de xeito presencial na Casa da Cultura ou por teléfono chamando ao 981717288.

TERCEIRA:

As comparsas e grupos deberán estar na Praza do Concello ás 16.30 h para proceder ao pasarrúas pola vila que finalizará na mesma praza, lugar onde terá lugar o concurso de disfraces diante do xurado. É obrigatorio a participación no desfile para poder participar no concurso.

CUARTA:

Establécense as seguintes categorías no concurso:

- **COMPARSAS:** agrupación formada por un mínimo de vinte (20) compoñentes, que garden unha unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.



- **GRUPOS:** agrupación formada por un mínimo de tres (3) e un máximo de dezanove (19) compoñentes, que garden unha unidade temática, e que defilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.
- **INDIVIDUAIS ADULTOS OU PARELLAS:** participantes a partir de 16 anos que concursen individualmente ou en parella, debendo neste caso gardar unidade temática entre os/as compoñentes. No caso das parellas cando menos un/unha debe ser maior de 16 anos.
- **INDIVIDUAIS INFANTÍS OU PARELLAS:** participantes menores de 16 anos que concursen individualmente ou en parella, debendo neste caso gardar unidade temática entre os/as compoñentes. No caso das parellas as dúas persoas deben ser menores de 16 anos.

Nota: unha mesma persoa non poderá participar en dúas categorías

QUINTA:

A orde no pasarrúas e nas actuacións rexeráse segundo o rexistro de inscrición.

SEXTA:

Os/as participantes que necesiten música deberán entregarlle á organización, como moi tarde, antes do inicio do pasarrúas.

SÉTIMA:

A duración da actuación escollida para o concurso terá unha duración máxima de 10 minutos, sobrepasar este tempo poderá significar a exclusión do concurso.

OITAVA:

En caso de chuvia o concurso trasladarase ao pavillón municipal. As comparsas e grupos non poderán acceder ao pavillón con vehículos nin plataformas.

NOVENA:

O xurado estará formado por representantes dos medios de comunicación da Costa da Morte. O xurado elaborará unha acta na que conste a resolución de disfraces premiadas no concurso, asinada por todos os membros. A técnica de cultura elaborará un informe partindo desta acta para proceder ao pagamento dos premios.

DÉCIMA:

O xurado deberá escoller os seguintes premios:

1. 1º, 2º e 3º premio de comparsas
2. 1º, 2º, 3º e 4º premio de grupos
3. 1º, 2º, 3º premio individual adultos ou parellas
4. 1º, 2º, 3º, 4º, 5º premio individual infantil ou parellas

UNDÉCIMA:

Para a selección de premios o xurado terá en conta o pasarrúas, a representación ou actuación realizada durante o concurso, a orixinalidade e a confección dos disfraces.

DUODÉCIMA:

As contías dos premios do concurso serán:

COMPARSAS	1º premio 300€ 2º premio 250€ 3º premio 200€	INDIVIDUAIS ADULTOS OU PARELLAS	1º premio 100€ 2º premio 75€ 3º premio 50€
------------------	--	--	--



GRUPOS	1º premio 175€	INDIVIDUAIS INFANTÍS OU PARELLAS	1º premio 50€
	2º premio 150€		2º premio 40€
	3º premio 125€		3º premio 30€
	4º premio 100€		4º premio 25€
			5º premio 25€

Nota: O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios se considera que os/as participantes non reúnen a calidade precisa. Do mesmo xeito, poderá **OUTORGAR OS ACCÉSITS** que considere convenientes se houberse disfraces coa calidade esixida, en calquera das categorías, debendo ser o importe do accésit inferior ao último premio da categoría correspondente. A suma total dos accésits que se outorguen non poderá superar o importe de 300€.

DUODÉCIMA:

As comparsas participantes, que non resulten premiadas polo xurado, outorgaráselle 100€ pola participación no concurso, debendo solicitalo por escrito no momento da inscrición. Establécese un máximo de 4 comparsas con dereito a recibir este importe, respectando para outorgalo a orde de inscrición.

DÉCIMO TERCEIRA

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

As presentes bases e os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

SEGUNDO: Remitir a Base de Datos Nacional de Subvencións a información requirida para a remisión por ela ao BOP do extracto da convocatoria e publicación na mesma Base de Datos, de acordo co artigo 18 e 20 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Vimianzo, 12 de xaneiro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos."

E para que conste, expídese esta certificación de orde do alcalde, coa salvedade que establece o art. 206 do ROF, en Vimianzo.

Visto e prace

O alcalde

